

EPISODIOS
EPISODIOS
EPISODIOS
DE
DE
DE
CREACIÓN
CREACIÓN
CREACIÓN
CONTEMPORÁNEA
CONTEMPORÁNEA
CONTEMPORÁNEA

EPISODIO#01
EPISODIO#01
EPISODIO#01

CARME NOGUEIRA

VIDA HURDANA. O QUE ESCRIBEN OS NENOS.

LIBRARÍA
NUMAX

Co apoio da



Deputación
DA CORUÑA

En setembro de 1932, cando Luis Buñuel e o seu equipo visitaron por primeira vez a rexión extremeña das Hurdes, o xermolo dunha nova experiencia pedagóxica estaba tamén dando os seus primeiros pasos nesa comarca tan castigada pola pobreza como polas crónicas talvez exorbitadas que intelectuais como Miguel de Unamuno, Maurice Legendre ou Gregorio Marañón asinaron a partir das súas expedicións por aquel territorio.

Aquela experiencia educativa que se estaba orixinando chegaba da man do francés Célestin Freinet, con quen unha serie de pedagogos españois mantiveran xa contacto a partir de 1925, desembocando nunha ampla difusión dos seus métodos a través do grupo de mestres Batec, primeiro en Lleida e despois por toda Cataluña, contando con algunhas excepcións como as acontecidas nas Hurdes. Alí, os mestres José Vargas Gómez e Maximino Cano Gascón, seducidos polos métodos de Freinet, asumiron co seu salario a compra das imprentas e as resmas de papel necesarias para iniciar a experiencia nas escolas de Caminomorisco e La Huerta, onde se instaurou a partir dos últimos meses de 1932.

O método proposto polo pedagogo francés pretendía conseguir *unha verdadeira escola popular, viva, dinámica, adaptada aos intereses e*

*necesidades dos rapaces, orientada polo sentido común, renovada mediante o tanteo experimental, aberta á influencia da propia poboación e de poboacións veciñas, mediante o caderno de vida, froito da utilización do texto libre e da imprenta escolar, a correspondencia interescolar, as visitas e as excursións dos escolares ao entorno próximo.*¹

Dende 2015 Carme Nogueira traballa ao redor dese espazo xeográfico e temporal no que se produciu simultaneamente a rodaxe de *Las Hurdes. Tierra sin pan*, onde aparece rexistrada unha das escolas da comarca, e o desenvolvemento das experiencias Freinet, afondando nese espazo de dúbida entre a veracidade da imaxe documental en Buñuel e os avances pedagóxicos que se estaban producindo.

Neste primeiro Episodio de Creación Contemporánea a artista recapitula para presentar en NUMAX os materiais e as experiencias que, ao longo dos últimos catro anos, foron configurando este proxecto.

^[1] Hernández Huerta, José Luis, Hernández Díaz, José María, FREINET EN ESPAÑA (1926-1939). Revista *História da Educaçáo* [en liña] 2012, 16 (Xaneiro-Abril): [Data de consulta: 21 de maio de 2019] Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=321627345002> ISSN 1414-3518